

De setembro a setembro

Actividades da Asociación Cedofeita.

Seguindo normas das autoridades sanitarias derivadas da pandemia da covid-19, a Asociación Cedofeita, suspendeu todas as actividades en marzo do pasado ano 2020, polo que só tivemos actos nos dous primeiros meses e nesta derradeira semana de agosto. Pero o certo é que tiñamos propostas interesantes, sinaladamente no amplo programa dedicado a festexar o XXV aniversario da Asociación, programa que non descartamos retomar cando a pandemia o permita. Mentres, levamos a cabo certas actividades compatibles coa adversa situación sanitaria -realizadas coas debidas precaucións e protocolos establecidos- como a exposición *Cedofeita, 25 anos de historia (1995-2020)* da que damos conta máis adiante, e o desenvolvemento da publicación da presente revista *Cedofeita* (número 24).

Venres culturais de setembro

Presentación do número 23 da revista.



No serán do 27 de setembro fixemos na Casa da Cultura de Lárez a presentación do último número (23) da nosa revista. Nela o secretario da asociación estivo acompañado polos colaboradores da revista Benigno García Casalderrey que falou sobre o seu artigo "Tres fábricas. O triángulo industrial de posguerra a carón da cidade", Xosé Álvarez Castro "Elaboración caseira da cervexa" e José Manuel Pidre Novás de "A pesca no Lárez no século XVIII", realizando un percorrido polas outras interesantes colaboracións como "Heráldica de Pontevedra cidade (III)", de Alfonso Mumary; "O río Lárez na memoria escrita da segunda metade do século XIX" de Arturo S. Cidrás; "Meu Lárez, embarcacións no río" de Lino Pazos; "Mulleres de Pontevedra na residencia de señoritas de Madrid: un feixe de intelectuais e pioneiras" de A. Serafín Porto, "Lárez na literatura: Juan Loureiro. Un conto da guerra da independencia" de José

M. Ramos; "O aceite nas terras de Quiroga" de Xerardo Rdez. Arias; "San Salvador, o primeiro agradecemento de Cristóbal Pedro Colón" de Juan A. Loureiro. E as tradicionais seccións da revista: de conversa con "Falamos con Ernesto Filgueira Eiras"; "Novos cultivos en Lárez (XIX) : o lúpulo" por X. Álvarez, o Humor por José M. Castro, o resumo sobre a tradicional exposición de agosto (a XXV) "De troulas e devocións. Festas populares de Lárez" de Xaime Iglesias; un novo galardón para a nosa asociación Cedofeita o premio COGAVE-18 e o resumo das actividades levadas a cabo pola asociación de setembro a setembro.

Presentación da revista na Casa das Campás.

No serán do 10 de outubro, as oito da tarde, fixémosla presentación, como acostumamos, en Pontevedra para achegala ao público da vila. O presentador do acto, Xosé Luis Estévez, deu unha panorámica dos artigos do presente número da revista, e nesta ocasión os autores participantes que falaram das súas colaboracións foron X. Carlos Morgade do seu artigo "Os mestres de Antonio Fraguas", Lino J. Pazos sobre "Meu Lárez: embarcacións no río" e Anxo S. Porto verbo de "Mulleres de Pontevedra na residencia de señoritas de Madrid: un feixe de intelectuais e pioneiras".



Outubro

Presentación de *Estudos sobre o foro de Pontevedra*.

O venres 25 de outubro estivo con nós na Casa da Cultura o coordinador da publicación Xosé Abilleira Sanmartín, licenciado en Filoloxía Clásica, investigador, autor de numerosas publicacións e presidente da asociación Maio Longo, que foi presentado pola nosa directiva M^a Carmen Pereira. Falou verbo dos recoñecidos autores

colaboradores deste traballo: os filólogos Ana Acuña e Ricardo Pichel, o catedrático de xeografía e historia Francisco Calo e o destacado medievalista Anselmo López Carreira. Destacando o significado do Foro outorgado polo rei Fernando II en 1169 a Pontevedra, foro que se pode considerar como a carta fundacional da vila, reflicindo a personalidade autónoma da vila desde esa data como actor político e a adquisición de suxeitos igualitarios de dereito aos seus veciños.



Novembro

Presentación do libro: *Pontevedra el despertar de una villa. Desde el siglo XIX a comienzos del XX.*



A noite do venres 29 de novembro na casa da Cultura tivémola a honra de contar coa presenza do seu autor José Manuel Pidre Novás, falou do seu labor investigador a través dos diversos arquivos e prensa da época, durante varios anos, para elaborar este interesante libro sobre o cambio de cidade desde finais do XIX a comezos do XX, e a importancia que tivo a demolición da muralla. Destacou por unha banda as vicisitudes da muralla no despertar da vila, describindo as épocas de demolición, as diferentes torres e portas que tiña, e igualmente a evolución doutros tres aspectos na vida da nosa vila: a praza de touros, as casas de baños e balnearios e as feiras e mercados na época obxecto de estudo. Relatorio que espertou o interese do público asistente pola proximidade aínda temporal e de restos materiais aínda presentes.

Xaneiro

Concerto da coral Bella Helenes

O 31 de xaneiro inauguramos os venres culturais de 2020 co concerto da coral polifónica “Bella Helenes” de Pontevedra de ampla traxectoria, e que baixo a dirección de dona Magdalena Argibay Ligerero ofreceunos un programa con obra en galego e castelán como Coloradiña (Rey Ribero), Morriña (F. Vide), Vento Mareiro (J. Vereá) e Quiéreme siempre (M. Tilve) entre outras pezas coa conseguinte propina do S. Benitiño. As máis de trinta voces e a dirección fixéronnos desfrutar dunha agradable velada na que o numeroso público asistente puxo o seu gran de area cando o invitaron a participar, na nosa peza tradicional.



Febreiro

Conferencia de Amancio Castro “A beleza da natureza diminuta”



Na noite do 28 de febreiro estivo connosco na Casa da Cultura, o profesor, investigador e excelente fotógrafo Amancio Castro González, un dos impulsores da asociación *Vai polo río*. O tema que esta vez desenvolveu foi unha mostra de fotografías sobre aspectos da natureza tan pequechos que nos pasan desapercibidos como son de fungos ou flores, e que el foi explicando a dificultade e a temporización para poder conseguir as maravillosas fotos

que nos amosou, como algunhas dun fungo sobre outro, que fixo espertar no público asistente a importancia do coidado e respecto pola natureza que nos rodea.

Cogomelos

A nosa asociación realizou as XXV Xornadas micolóxicas, cunha saída ao monte o sábado 9 de novembro. O tempo amosouse benigno, para as sobre vinte persoas -adultos e algún cativo- polo que puidemos desfrutar dunha mañá cunha aceptable colleita de boletus, cantarelas, hydnum, e algún níscolo. Despois do acostumado petisco de remate de recollida, para a tarde quedou o rigoroso traballo da limpeza e escolla, e posterior cociñado coa mestría de Pepe, que sempre pon casa e mantel, o que nos vai ser difícil de agradecer, rematando o paparote coas preceptivas cantigas.



Exposición: “25 anos de historia (1995-2020)”



Este ano como como indicabamos ao comezo, a tradicional exposición de agosto polo san Salvador tivémola que adiar do 2020, no que se celebraba o vinte e cinco aniversario da asociación, para este ano. As medidas decretadas pola Xunta de Galicia verbo da pandemia levounos a postergala a derradeira semana de agosto -27 ao 30-. Nela a través de doce paneis, mediante textos, imaxes e referencias da prensa, tratamos de amosar unha visión retrospectiva dos vinte e cinco anos de actividade da nosa asociación Cedofeita. Estaban presentes dende actas fundacionais, galardóns recibidos, as exposicións anuais; a nosa

revista –que se ven publicando sen interrupción desde 1997-; os “venres culturais” –conferencias, presentación de libros, teatro, música, recitais poéticos, títeres, etc.-; os populares roteiros no que se daba a coñecer feitos e lugares da parroquia; as xornadas micolóxicas que servían no só para coñecer o mundo das setas, senón o goce da natureza e a preparación e degustación das mesmas; as viaxes culturais sempre ben recibidas no que se mesturaba o lecer, o coñecemento de novos lugares e a leda convivencia no alongado xantar. No recinto do mosteiro amosábase unha maqueta da igrexa e dependencias doada por Alberto Abilleira Sanmartín a asociación Cedofeita.

Libro “Historia de Lárez. Unha ollada desde Cedofeita”



Na tarde do venres 27 de agosto fixemos a presentación do libro “Historia de Lárez. Unha ollada desde Cedofeita”. Publicación que naceu coa idea de recoller as informacións sobre a nosa parroquia a partir dos textos publicados na nosa revista, e ofrecerlles aos asociados e outras entidades como fito importante no vinte e cinco aniversario da nosa asociación. O libro con prólogo de Fina Casalderrey, fai un percorrido desde as nosas raíces –restos castrexos e romanos-; o medieval –o castelo de Cedofeita, a fundación do mosteiro, vestixios medievais e feitos sobranceiros desa etapa-; o antigo réxime –o mosteiro trala unión a Congregación de Valladolid, a poboación e a pesca no XVIII-; o século XIX –exclaustración, desamortización, testamentos lerezáns, motíns-; os últimos tempos cunha panorámica de feitos –o decorrer asociativo, a masonería, os moínantes, a represión, os tranvías e trolebús a defensa das Xunqueiras, a recuperación do local de *Juventud Lerezana* entre outros; e como remate unha semblanza dunha decena de persoeiros da parroquia ou integrados nela.

A coidada publicación deste libro témola que agradecer ao noso concello que ofreceu todo o seu apoio para patrocinala, grazas nas persoas do alcalde, concelleiro de cultura e concelleira da parroquia.



Organiza el viernes una charla de la industria da salga no sur da r

Arturo Sánchez en la Casa de Cultura de Lérez

Entre las que cabe destacar son los trabajos relacionados con el proceso de conservación del patrimonio en la comarca de O Morrazo. En su intervención en la Casa de Cultura de Lérez hará un recorrido por la historia de la salga, teniendo como eje geográfico la costa sur de Pontevedra. Se referirá al proceso y métodos de salado, así como a la estructura en la que se realiza, un almacén, y a los elemen-

FARO DE VIGO
JUEVES, 27 DE SEPTIEMBRE DE 2018

Presentación de Cedofeita.

La asociación cultural Cedofeita presenta este viernes el último número de la revista que lleva su mismo nombre. En el acto intervendrán el secretario de la asociación, Xosé Luís E. Solla, que hará un recorrido por los contenidos de la revista. Estará acompañado de Isidoro González, Lino Pazos y Xaime Iglesias, autores de "De conversa", "Meu Lérez" o "Muino do Manco" e "O mosteiro de Lérez no espello da arte".
Mañana a las 20.30 horas, en la Casa de Cultura de Lérez.

L6 | PONTEVEDRA | Martes, 6 de agosto del 2018

PONTEVEDRA AL DÍA

Exposición «De troulas e devocións»



A exposición pode visitarse ata o 7 de agosto no mosteiro de Lérez.

Premios Cogave



FARO DE VIGO
MARTES, 22 DE ENERO DE 2019

As festas de Lérez, en

LÓPEZ PENDE
Dició o autor de O paxaro azul o nobel belga Maurice Maeterlinck, que no pasado semestral, que se está presente. Trátase dun axioma que facilmente se aplica a mostra impulsada pola Asociación Sociocultural Cedofeita, que se desenvolve no mosteiro de Lérez e que leva por título De troulas e devocións. Festas de Lérez, a través de fotografías, textos e documentos que se exhiben ao visitante se celebra esta festividade en Lérez. Trátase dunha mostra que se abre cada ano. O programa de actividades que se organiza ao redor desta festividade de Lérez, de Avelino Otero que volve a bre necesidade do rural gallego que profunde a cultura de Fernán

del IES Xunqueira actúa en Lérez

FARO DE VIGO
MARTES, 29 DE ABRIL DE 2019

Agenda

Entre todos los ponentes del IES Xunqueira actúa en Lérez, actualizando el "Viernes da salga" deste grupo está formado por alumnos de la disciplina, la didáctica, la pedagogía y el conocimiento de la música.



FARO DE VIGO
VIERNES, 26 DE OCTUBRE DE 2018

Libro.

La Casa de Cultura de Lérez será el escenario de la presentación del libro "Invisibles, relatos do maltrato", de la autora Montse Fajardo. El libro aborda las distintas caras de la violencia machista. Mañana, a las 20.30 horas.

FARO DE VIGO
VIERNES, 26 DE OCTUBRE DE 2018

Exposición en Lérez.

La Asociación Sociocultural Cedofeita presenta mañana en el Monasterio de Lérez la muestra de agosto de "De troulas e devocións. Festas populares de Lérez". En la muestra se podrá ver fotografías, documentos y textos sobre las fiestas populares entre los siglos XIX y XX. Inauguración mañana, a las 12.00 horas en el Monasterio de Lérez.



FARO DE VIGO
VIERNES, 30 DE NOVIEMBRE DE 2018

Actos y Expos.

Conferencia. La asociación Cedofeita organiza una conferencia que estará a cargo del investigador Lino Pazos que llevará por título "Meu Lérez, embarcación no sur da r". Mañana a las 20.30 horas en la Casa de Cultura de Lérez.



FARO DE VIGO
VIERNES, 26 DE OCTUBRE DE 2018

Presentación de la revista Cedofeita

Presentación del número 22 de la revista Cedofeita, que tuvo lugar en la Casa da Cultura de Lérez.